

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 27 de xuño de 2014

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e sete de xuño do ano dous mil catorce, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 20 DE XUÑO DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte de xuño de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O “CAMPAMENTO DA OURENSANÍA”.- Unha vez vista a proposta formulada polo asesor de Política Cultural para a fixación de prezos públicos pola participación no “Campamento da Ourensanía” (campamento de verán para rapaces que se realizará no complexo turístico do Corgo, situado en Mugueimes - Muíños), e tendo en conta o disposto nos artigos 2 e 3 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportes, educativos e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014); e ante a necesidade de proceder urxentemente á fixación dos ditos prezos, dada a data prevista de celebración do campamento (entre os días 9 e 14 de agosto), e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Establecer o prezo público de 75,00 € (IVE incluído) en concepto de cota de inscrición no “Campamento da Ourensanía”.

Segundo.- Estarán obrigados ó pagamento deste os pais ou representantes legais dos rapaces que teñan presentado a súa solicitude de admisión no Rexistro da Deputación

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 27 de xuño de 2014

Terceiro.- Os usuarios/as do servizo deberán facer efectivo o pagamento polo importe correspondente no momento da formalización da inscrición e, en todo caso, con carácter previo ó inicio da actividade.

Cuarto.- Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase ó disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportes, educativos e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014)

Quinto: O presente acordo queda condicionado a que por parte do Pleno da Deputación se delegue nesta Xunta de Goberno o exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos regulados na actual Ordenanza.

4.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

5.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e sete de xuño do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,